

Técnicos de Sogama forman aos veciños de Alfoz na autocompostaxe

25 Nov 2021

- Mañá, 26 de novembro, impartirán un curso no Salón de Actos da Casa da Cultura que se dirixirá fundamentalmente ás familias adscritas ao programa de compostaxe doméstica promovido polo Concello co apoio desta empresa pública.
- O encontro será aproveitado para repartir os composteiros entre os asistentes, xunto cos manuais didácticos de información e consulta.

Cerceda, a 25 de novembro de 2021.- Técnicos de Sogama impartirán mañá, 26 de novembro, no municipio de Alfoz (Lugo), un curso de formación sobre autocompostaxe que terá lugar, ás 18:00 horas, no Salón de Actos da Casa da Cultura.

Alfoz foi un dos primeiros concellos en adherirse ao programa de compostaxe doméstica liderado por Sogama en Galicia, tendo participado no seu momento nunha proba piloto á que se sumaron varias localidades da Mariña lucense.

Tras a última partida entregada por esta empresa pública, xa son 118 as familias adscritas a esta iniciativa, cuxo obxecto é poñer en valor a materia orgánica producida nos fogares mediante a súa conversión en compost, un abono natural de alta calidade con extraordinarias propiedades fertilizantes para o solo.

No transcurso da xornada explicárase aos asistentes como montar o composteiro, o seu mellor emprazamento (no exterior da vivenda, protexido das inclemencias meteorolóxicas e en contacto directo coa terra para facilitar a entrada dos microorganismos descompoñedores), os materiais que deben e non deben depositarse no mesmo, e o control de parámetros crave como son o osíxeno, a temperatura e a humidade.

Os usuarios recibirán tamén un manual didáctico no que se detalla a técnica a aplicar e pasos para seguir, dáse resposta ás preguntas máis frecuentes e identifícanse os erros máis comúns.

A sesión, que terá unha duración aproximada de hora e media, servirá tamén para repartir os composteiros entre os asistentes e que estes teñan a oportunidade de consultar dúbidas e trasladar os seus comentarios e observacións.

Toda a información sobre o programa en www.compostaconsogama.gal [1]

Saúdos, Departamento de Comunicación

veci%C3%B1os-de-alfoz-na-autocompostaxe

Ligazóns

[1] <http://www.compostaconsogama.gal/>